

MEU AVÓ NO BOSQUE

Nun tempo moi pasado cando era inverno e non facía xeito saír da casa porque chovía, meu avó contoume un conto que pasara, que el mesmo o vira cos seus ollos e que era moi difícil de crer.

Pois eu como súa neta que son vou contar o que de el souben un día.



Meu avó é rache guapo segundo dicía el. Tivera as mozas que quixera porque as mozas dicían que tiña moi boa percha, cos seus ollos verdes o seu pelo castaño claro, era moi presumido. Gustábanlle as garabatas que por certo tiña moitas no seu armario e eran todas de cores.

Un día deses que foi coas vacas pacer, mentres as vacas pacían, fixo unha cachela pois facía moito frío e as súas mans puxéranse frías. Levoulle un pouco prender o lume pero cando o conseguiu, unha muller guapa, rubia e de moi bo traxe cunha melena grande que ata lle chegaba os pes saíu de entre o lume que de cor amarelo púxose dunha chea de cores mesmo parecía o Arco da vella. Meu avó como podedes imaxinar deulle tal mareo que cando espertou estaba nun bosque rodeado de persoas.

As persoas eran moi raras, tiñan a roupa rachada, estaban disfrazadas. Poñían medo!

Tamén o poñían uns animais que andaban por alí. Estaban cheos de telas de araña e ata aos cans lle arrastraba o pelo que parecía que levaban un velo dunha noiva de cinco metros de largo. Os paxaros eran moi raros pois o seu cantar era moi feo porque facían moito ruído e berraban que te enxordaban.



O bosque non era verde, era gris e as súas árbores e plantas non se vían de teas de araña. Non tiñan follas, tiñan velas colgadas e velas que iluminaban de cor azul.

Andaron uns cincuenta quilómetros ata chegar a unhas pequenas covas aló no medio do bosque, e cal non sería a súa sorpresa cando abriron as portas da cova que eran silvas e toxos. Dentro había unha banda de merlos que co seu cantar bailaban un millón de cabazas. Ao meu avó tal mareo lle volveu a dar que cando espertou estaba na leira donde deixara as vacas. Sentada nunha árbore estaba a muller rubia que con moito cariño díxolle: EU SON A FADA DO BOSQUE!

E coa súa variña máxica fixo que os animais e as persoas que estaban no bosque xunto coas cabazas apareceran alí. Todos se puxeron a bailar, os morcegos tocaban o acordeón e a Fada tocoulle coa variña máxica as vacas do avó e todas apareceron cuns carteliños que se lía neles SAMAIN!!! Meu avó creuno co paso dos anos e di que non o soñou.



